

## CONTA XERAL 2017

### MEMORIA GRADO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROGRAMADOS

O artigo 211 b) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a regra 101.3 da Instrución de contabilidade do modelo normal de contabilidade local aprobado mediante Orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro, establece que os municipios de mais de 50.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior, acompañarán á Conta Xeral unha Memoria demostrativa do grado de cumprimento dos obxectivos programados, con indicación dos previstos e obtidos, co coste dos mesmos.

Para poder determinar e acreditar o grado de cumprimento dos obxectivos que determina a normativa anterior, é necesario que previamente, e xunto co orzamento anual, foran aprobados ditos obxectivos de forma concreta e individualizada. A tales efectos, e ante a ausencia dos mesmos, a Deputación de Ourense pretende prestar os servizos que legalmente lle atribúe a normativa local actual da forma mais racional e sostible posible.

Non obstante, no informe que se acompaña á Conta Xeral desta Deputación referido ao coste e rendemento dos servizos prestados, onde se reflexa o estudo dos gastos e ingresos dos mesmos, preséntase unha visión xeral da execución orzamentaria a nivel de obrigas recoñecidas netas e de dereitos recoñecidos netos que nos permite cuantificar o grado de cobertura que representa a financiación do coste de ditos servizos.

